

PRINCIPAIS RETOS DE GALICIA CARA A 2030

MATRIZ DAFO

MOBILIDADE

GRUPO 2: CAMBIO CLIMÁTICO

MESA: Mobilidade

RETOS E NECESIDADES DE GALICIA CARA A 2030

1. Fomentar a **movilidade sustentable** e alternativa, promovendo a utilización do **transporte público colectivo** e facéndoo **máis atractivo**.
 - Mellorar a accesibilidade (aparcadoiros nas inmediacións das estacións de bus, ferrocarril, etc).
 - Mellorar os horarios, frecuencias e conexións.
 - Modernización das infraestruturas.
 - Sensibilización e formación da cidadanía.
2. Garantir unha **transición xusta**, tendo en contra as implicacións que pode ter o fomento do transporte colectivo no sector da automoción.
3. **Impulsar a intermodalidade** e a conexión entre diferentes modos de transporte.
4. Superar as barreiras que supón a **dispersión xeográfica** tanto da poboación coma das empresas.
 - Emprego de novas tecnoloxías aplicadas ao transporte en ámbitos marcadamente rurais (transporte a demanda, car sharing...)
 - Potenciar o transporte colectivo nos desprazamentos itinere (fogar-traballo) localizados en lugares onde non existe aínda un transporte público urbano regular (polígonos industriais).
5. Promover a **eficiencia** no transporte tanto de viaxeiros coma de mercadorías.
 - Potenciación da competencia no sector do transporte de viaxeiros.
 - Incentivos á creación de centros loxísticos.
 - Fomentar o achegamento dos principais centros loxísticos de mercadorías ao corredor (ferroviario) Atlántico de cara a facer atractivo, tanto por tempos coma por economía, o uso dun transporte sustentable.
6. **Eliminar os estrangulamentos nas infraestruturas** de rede fundamentais. Reducir ao mínimo posible as conxestións nos núcleos urbanos.
7. Mellorar a **regulación** no emprego tanto:
 - Do transporte privado individual (limitacións de uso, incentivos para compartir vehículo, etc.)
 - Do transporte público.
8. **Renovación do parque de vehículos** a favor de tecnoloxías máis limpas e eficientes (fundamentalmente, a electricidade de orixe renovable).

9. Mellorar as **sendas verdes**, dotándoas de maior lonxitude e percorridos concretos, que permitan aos cidadáns acceder a destinos específicos. Posibilidade de reutilización de antigas vías de ferrocarril.

DEBILIDADES	AMEAZAS	FORTALEZAS	OPORTUNIDADES
D.1 Falta de eficiencia na xestión do transporte público.	A.1 Elevada dispersión xeográfica da poboación e do tecido empresarial que dificulta e fai ineficiente o transporte colectivo e as actividades lóxicas. Lentitude no proceso de concentración empresarial.	F.1 Climatoloxía favorable durante a maioría dos meses do ano e desniveis suaves no terreo que facilitan o emprego de medios sostibles como a bicicleta ou monopatín.	O.1 Desenvolvemento do transporte intelixente como tecnoloxía que poida atender os ocios que o transporte público non pode cubrir actualmente (car sharing, etc.).
D.2 A multimodalidade non é factible ao 100% coas infraestruturas actuais e os hábitos de emprego dos tipos de transporte por parte dos usuarios.	A.2 Falta de madurez en novas tecnoloxías aplicadas ao transporte.	F.2 Bo funcionamento e acollida das tarxetas/bonos de transporte público.	O.2 Aumento da seguridade no sistema a través das oportunidades ofrecidas polas novas tecnoloxías.
D.3 Existencia dun porcentaxe importante de infraestruturas e servicios de transporte anticuados e non adaptados ás necesidades actuais.	A.3 Rexión cunha importante actividade de produción de automóviles. Necesidade dunha transición xusta do transporte individual ao colectivo.	F.3. A situación xeográfica de Galicia potencia a seu papel como punto estratéxico para o transporte de mercadorías.	O.3 Creación e promoción de empresas vinculadas ao transporte colectivo.
D.4 O transporte público non ofrece aínda suficientes vantaxes aos usuarios (comodidade, tempos medios dos traxectos, aparcadoiros nas inmediación, etc.) nin suficientes alternativas (horarios, frecuencias, etc.) coma para dar prioridade a este sistema.	A.4 Falta de competencia no sector do transporte colectivo.	F.4 Medidas en vigor para lograr unha mobilidade sostible e eficiente: <ul style="list-style-type: none"> - Plan Galego de transición a unha mobilidade eficiente 2019 (subvencións para persoas físicas e empresas). - Etiquetado enerxético dos vehículos. - Fomento do emprego de biocarburantes e combustibles renovables. - Plan Movega para a promoción de vehículos eléctricos. - Plan de Transporte Público de Galicia. 	O.4 Existencia dunha diversidade de medidas incentivadoras para o emprego de medios de transporte mais eficientes e responsables co medio ambiente (fiscais, de consumo enerxético, etc.)

DEBILIDADES	AMEAZAS	FORTALEZAS	OPORTUNIDADES
D.5 Oferta de transporte público desigual por localidades (práctica inexistencia deste sistema en varias cidades de Galicia).	A.5 Escasa concienciación e sensibilización da poboación. Pautas de emprego do transporte pouco responsable, cunha marcada preferencia actual polo transporte privado e individual.	F.5 Integración nos grandes proxectos europeos no marco da rede transeuropea de transportes RTE-T.	O.5 Aproveitamento de infraestruturas obsoletas ou non utilizadas na actualidade como novas vías para determinados tipos de transporte (antigas vías de ferrocarril como sendas verdes para bicicletas ou monopatíns).
D.6 Falta de conexión eficaz, no sistema ferroviario actual, das principais cidades de Galicia.	A.6 Baixa dispoñibilidade de recursos financeiros e redución de recursos públicos que podería afectar a proxectos de infraestruturas.	F.6 Dinamismo do sector exportador.	O.6 Formación e concienciación da sociedade para o emprego responsable dos medios de transporte dispoñibles.
D.7 Dependencia de recursos financeiros e dos recursos públicos que podería afectar a proxectos de infraestruturas.		F.7 Plans de Mobilidade Urbana Sostible (PMUS) nos concellos.	O.7 Fomento da apertura de novos centros loxísticos de grandes empresas para avanzar na eficiencia e eficacia de Galicia como centro loxístico.
D.8 descoordinación do sistema aeroportuario que provoca pouca especialidade e complementariedade entre os tres aeroportos galegos		F.8 Oferta de información sobre condución eficiente e realización de cursos prácticos. Recomendacións sobre o emprego correcto do automóbil, o seu mantemento.	O.8 Regulación no uso do vehículo privado (limitacións de uso, de horarios, de zonas, incentivo do uso compartido, incentivos para a renovación).
D.9 Reducida utilización de Tics nalgúns sectores e modos de transporte de mercadorías			O.9 Fomento do transporte colectivo nos desprazamentos aos centros de traballo. Incentivos a empresas, agrupación por zonas xeográficas...
D.10 Forte atomización do sector e falta de cualificación profesional no sector do transporte.			O.10 Fomento do uso de biocombustibles e outros combustibles renovables no transporte.